



P.E.C.

CEIP LAMAS DE ABADE

Santiago

P.E.C.

-
1. ANÁLISE DO CONTEXTO E CARACTERÍSTICAS DA ZONA
 2. O EDIFICIO E INSTALACIÓNS DO COLEXIO
 3. CARACTERÍSTICAS DAS FAMILIAS
 4. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO
 5. CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO
 6. SINAIS DE IDENTIDADE
 7. PLAN TIC
 8. PROXECTO LECTOR
 9. PLAN ACCION TITORIAL
 10. PLAN DE CONVIVENCIA
 11. PLAN DE IGUALDADE
-

ANÁLISE DO CONTEXTO E CARACTERÍSTICAS DA ZONA

O CEIP LAMAS DE ABADE está situado na Zona Sueste de Santiago dentro do casco urbano, nun lugar despexado e alonxado de focos de ruído e contaminación.

Conta con patios de recreo moi amplos, ben coidados e acondicionados e un patio cuberto amplo.

O EDIFICIO E INSTALACIÓNS DO COLEXIO

O edificio de Primaria consta de tres plantas e o de Infantil de unha planta.

Na planta baixa están as dependencias administrativas, o comedor, a sala de usos múltiples, a sala de profesores, a biblioteca, aulas de primaria e aula de AL.

Na planta primeira atópanse varais aulas de primaria, aula de plástica, aula de Relixión e laboratorio de idiomas.

Na segunda planta están as demais aulas de primaria, aulas de PT e AL, aula de informática e aula de música.

A planta de Infantil consta de seis aulas, un aula de PT, aula de psicomotricidade e sala de profesores.

No patio hai dúas pistas deportivas e unha zona de area.

Contamos ademais cun polideportivo que se usa en Educación Física.

CARACTERÍSTICAS DAS FAMILIAS

A maioría do alumnado actual procede de zona urbana, seguido de rural e semi-urbana case na mesma porcentaxe.

O nivel socio-cultural das familias é medio.

O nivel de colaboración familiar é satisfactorio na gran maioría dos casos.

A asistencia a actividades extraescolares é alta.

Os usuarios do comedor escolar son máis nos niveis máis baixos.

Utilizan o transporte escolar aproximadamente un 60%.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado deste Centro presenta unha grande variedade no nivel sociocultural motivado pola súa procedencia urbana, suburbial e rural. Esta variedade aporta riqueza dende o punto de vista educativo e dificultades para a programación, posto que a realidade e situacións das que procede o alumnado fan varios seus intereses e polo tanto as motivacións han de ser distintas.

Os hábitos de hixiene e alimentación en xeral están ben coidados por parte das familias.

O Equipo de Dinamización Lingüística realizou un estudio sociolingüístico do alumnado e do profesorado do centro.

Del se derivan as seguintes particularidades:

- O alumnado tipo do noso centro procedería dunha familia que na casa emprega o galego como lingua habitual. Os seus pais falan tamén galego entre eles e se dirixen ao seu fillo/a tamén habitualmente en galego.
- Pola contra o alumno exprésase máis ben en castelán tanto na casa como nas relacións cos seus amigos/as. Se afondamos un pouco por niveis podemos apreciar diferencias substanciais.
- Así, o perfil do alumnado tipo de Educación Infantil procedería dunha familia castelán falante, na que os pais tamén falan maioritariamente castelán e que se dirixen igualmente aos fillos en castelán. O alumno, en consecuencia, tamén é maioritariamente castelán falante.
- O ambiente en primaria é moi diferente do de Infantil cunha porcentaxe de galego falantes máis significativa.

As enquisas pasadas a profesorado, alumnado e familias e cuxos datos plasmamos de maneira obxectiva no citado proxecto, obríganos a elaborar unha serie de obxectivos xerais realistas que pretendemos acadar durante

o período de vixencia deste proxecto sociolingüístico, e unha serie de medidas a adoptar para poder cumprilos. Entre eles, destacamos os seguintes:

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no centro educativo.
- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa comunidade.
- Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houber.
- Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega.
- Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- Promocionar as festas tradicionais galegas.
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía...

Para acadar estes obxectivos, o centro educativo seguirá unhas liñas de actuación baseadas na capacidade do profesorado do claustro, favorable ao uso do galego; a coordinación do propio EDLG con outras institucións entre as que cabe destacar o Concello de Santiago de Compostela, pero tamén con outros

centros educativos da contorna; un compromiso real por parte do equipo directivo no uso pleno da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc.

CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO

Claustro composto por 38 profesores/as, a distribución por especialidades é a seguinte:

Infantil	Primaria	E.F.	Francés	Inglés	Música	A.L.	P. T.	Relixión	Orient.
8	17	3	1	3	2	1	2	1	1

SINAIS DE IDENTIDADE

Os principios básicos que fundamentan o noso PROXECTO buscan que a escola sexa:

PARTICIPATIVA

- ➡ Que implique a toda a Comunidade Educativa no proceso.
- ➡ Que ensine aos nenos a participar na vida escolar, e lles posibilite o traballo de equipo, compartir, axudar, etc.

PRÁCTICA

- ➡ Unha educación que teña en conta todo o que lle rodea ao neno: barrio, familia, necesidades... e que desenvolva as destrezas e habilidades, a sensibilidade e a afectividade, e que sirva ao neno para desenvolverse na sociedade e no medio ambiente

RESPECTUOSA

- ➡ Que estea baseada na cordialidade, respecto e confianza entre todas as persoas que convivan no colexio.
- ➡ Que teña en conta o concepto de autodisciplina.
- ➡ Que cada cal saiba o lugar que ocupa no centro.
- ➡ Unha educación que estimule o respecto ás instalacións, o mobiliario, xa sexa propio, alleo ou colectivo.
- ➡ Unha educación que potencie o respecto ao medio ambiente e ao patrimonio histórico, cultural, artístico, etc. tanto na conservación como na recuperación e mellora.

INTEGRAL

- ➡ Que desenvolva todas as capacidades persoais.
- ➡ Que abarque todos os aspectos que conforman ao neno como ser humano, social, afectivo...,
- ➡ Que teña en conta os valores e que supere o concepto de educación instrutiva.

TOLERANTE E SOLIDARIA

- ➡ Que se eduque na non discriminación por razón de sexo, raza, relixión, etc. para que ningún membro da Comunidade Educativa se sinta apartado e crear un espírito de axuda mutua que permita respectar os valores individuais e colectivos, intentando que no proceso cada individuo se sinta cada día un pouco máis feliz.

VANGUARDISTA E RENOVADORA

- Aberta a novos métodos, recursos, instrumentos que fagan máis eficaz a consecución de obxectivos; actualizada en materias e contidos, que inclúa as novas técnicas sobre rendemento escolar, motivación, etc.

PARA A LIBERDADE

- Onde as ideas poidan expoñerse e ser escoitadas coa garantía total do respecto ás persoas que as expresen, onde se entenda que o límite das nosas actuacións vén marcado pola fronteira dos dereitos e liberdades dos demais e onde se introduza aos alumnos nos criterios democráticos que conleva ao bo funcionamento da sociedade plural en que vivimos.

OUTRAS PREMISAS.

Sinalaremos agora cales han de ser algúns indicadores da nosa estrutura e funcionamento:

En canto á liña educativa:

- Establecer liñas comúns de actuación sobre os contidos, conductas e creatividade. Estas liñas comúns serán obxecto de revisión periódica, tendo en conta as necesidades do alumnado e do contorno.
- Partindo dos logros obtidos, con este proxecto educativo e o noso traballo, nun proceso gradual, tomar novos acordos, que se concreten na práctica e revisen con frecuencia, para comprobar o seu grado de realización.

En canto a estratexia en relación ao alumnado e á aprendizaxe:

- Dadas as características do noso Centro, a orientación da aprendizaxe, nas distintas aulas, non pode resultar homoxénea, dadas as características diversas do alumnado.

- Unificar os criterios xerais do Centro, coa metodoloxía máis axeitada, tendo en conta as liñas deste proxecto e as marcadas no Proxecto Curricular.
- Atenderase á situación concreta do alumno en canto a ritmo e cantidade de aprendizaxes.

En canto á acción directa cos alumnos:

- Elaborar unha formulación de orientación, técnicas e tratamento da recolleita de información sobre os nenos.
- Definir criterios comúns orientados a favorecer a comunicación no grupo-clase e entre os distintos grupos-clases. Estes criterios revisaranse cando se estime necesario.
- Establecer criterios definidos respecto dos esquemas de organización dos grupos-clase.

En canto á avaliación dos alumnos e aprendizaxes:

- Aplicar un sistema de avaliación práctico, claro e uniforme. Periodicamente controlarase a adecuación dos obxectivos en función dos resultados.

OBXECTIVOS XERAIS

- Desenvolver a personalidade e capacidades do alumno.
- Fomentar o respecto e a solidariedade entre as persoas que integran a Comunidade Educativa, como medio para facilitar a convivencia e a tolerancia.
- Fomentar aprendizaxes, destrezas e actitudes que capaciten ao neno para desenvolverse na súa vida diaria.
- Potenciar actitudes participativas, aceptando as normas e regras que democraticamente se establezan.

- Potenciar o respecto ao medio ambiente e patrimonio cultural, participando na súa conservación, recuperación e mellora.
- Coñecer as características fundamentais do seu medio físico, social e cultural e as posibilidades de acción no mesmo.
- Promover unha Educación para a Igualdade, de forma que se evite todo tipo de discriminación por razóns de nacemento, sexo, raza, idade, clase social, opinión, relixión ou outras características individuais ou sociais.
- Promover a coeducación como unha forma de superar os roles sexuais.
- Favorecer a coordinación e perfeccionamento do profesorado.

OBXECTIVOS DE ETAPAS

EDUCACION INFANTIL

- Coñecer e controlar progresivamente o seu corpo, formándose unha boa autoimaxe, valorando a súa identidade sexual e adquirindo hábitos de saúde e benestar.
- Aprender a observar as diferenzas físicas e psíquicas dos demais, valorándoas e respectándoas como medio para establecer vínculos afectivos gratificantes e conseguir unha convivencia harmoniosa.
- Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades diarias.(Papel importante do profesor e a familia)
- Representar e evocar aspectos diversos da realidade, vividos, coñecidos ou imaxinados e expresalos mediante o xogo e outras formas de representación e expresión.
- Utilizar a linguaxe oral de forma axustada ás diferentes situacións de comunicación; para comprender e ser comprendido e expresar as súas ideas, sentimentos e experiencias.

- Enriquecer e diversificar as súas posibilidades expresivas mediante a utilización de recursos e medios ao seu alcance (xogos, teatro, pinturas, actividades plásticas, música, etc.)
- Observar e explicar o contorno inmediato cunha actitude de curiosidade e coidado, identificando as características máis significativas dos elementos que o conforman e algunhas relacións que se establecen entre eles.
- Coñecer algunhas manifestacións culturais da seu contorno mostrando actitudes de respecto e interese pola participación nas mesmas.

EDUCACION PRIMARIA.

- Coñecer e apreciar o propio corpo e contribuír ao seu desenvolvemento adoptando hábitos de saúde e benestar e valorando as repercusións de determinadas conductas sobre a saúde e a calidade de vida.
- Establecer relacións equilibradas e construtivas coas persoas en situacións sociais coñecidas, comportarse de xeito solidario, recoñecendo e valorando criticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais.
- Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e obrar de acordo con eles.
- Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos do contorno natural e social, e contribuír afectivamente no posible, á defensa, conservación e mellora do medio ambiente.
- Coñecer o patrimonio cultural, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos, desenvolvendo unha actitude de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- Colaborar na planificación e realización das actividades de grupo, aceptar as normas e as regras que democraticamente se establezan, articular os obxectivos e intereses propios cos dos outros membros do grupo, respectando puntos de vista distintos e asumir as responsabilidades que correspondan.
- Comprender e producir mensaxes orais e escritos en castelán e galego atendendo a diferentes intencións e contextos de comunicación, así como comprender e producir mensaxes orais e escritos sinxelos e contextuais nunha lingua estranxeira.
- Comunicarse a través de medios de expresión verbal, corporal, visual, plástica, musical e matemática, desenvolvendo o razoamento lóxico, verbal e matemático, así como a sensibilidade estética, a creatividade e a capacidade para gozar das obras e manifestacións artísticas.
- Actuar con autonomía nas actividades habituais e nas relacións de grupo, desenvolvendo as posibilidades de tomar iniciativas de establecer relacións afectivas.
- Utilizar na resolución de problemas sinxelos os procedementos oportunos para obter a información pertinente e representala mediante códigos, tendo en conta as condicións necesarias para a súa solución.
- Identificar e planear interrogantes e problemas a partir da experiencia diaria, utilizando tanto os coñecementos e os recursos materiais dispoñibles como a colaboración doutras persoas para resolvelos de forma creativa.
- Fomentar a orde, a limpeza e a boa presentación, tanto persoal como dos traballos e a contorna inmediata.

PLAN TIC

Obxectivos:

1. Colaborar na xeneralización do aproveitamento dos recursos informáticos polo noso alumnado e as súas familias, familiarizándoos con estes e potenciando o desenvolvemento de hábitos, habilidades e destrezas que lle axuden a desenvolverse con estes medios.
2. Espertar o interese polo uso de Internet e ofrecer pautas para acceder á información precisa e ampliar os coñecementos
3. Iniciar, nalgúns casos, xeneralizar e consolidar o cambio pedagóxico coa adaptación dos deseños curriculares e programacións didácticas aos novos ámbitos de aprendizaxe:
 - Busca, selección e presentación da información significativa.
 - Traballo cooperativo e colaborativo.
 - Autoaprendizaxe e autorreforzo.
 - Ampliación de contidos.
 - Atención á diversidade.
4. Posibilitar a toda a Comunidade Educativa o acceso e a incorporación ás Tecnoloxías, facilitando o uso e manexo das ferramentas máis comúns:
 - Difusión do uso dos ordenadores e programas básicos.
 - Disposición dun horario de uso da aula de informática.
 - Realización de actividades conxuntas dos distintos sectores usando as TIC (colaboracións na revista entre alumnado e pais e nais...)
5. Potenciar os procesos de formación continua do profesorado na utilización das TIC:
 - Difusión das experiencias que se realizan no Centro.
 - Difusión de experiencias, informacións e documentación.
6. Prestar á Comunidade Educativa diversos servizos:
 - Teletramitación de xestións administrativas
 - Información xeral e específica do centro
 - Notificacións e información académica a pais e nais
 - Apoio e asistencia ao alumnado
 - Acceso ás publicacións e actividades extraescolares do Centro.

METODOLOXÍA

Acudir cos alumnos a unha actividade de informática supón unha preparación e unha planificación. Si estar con 25 alumnos xa supón un esforzo de preparación e de programación, estar á vez con 25 ordenadores, tamén supón un esforzo que esixe levar todo ben preparado, para evitar problemas innecesarios. Iso esixe unha programación que como todas, sexa flexible, e adaptada aos nosos alumnos, e susceptible de modificala ou melloralala aos poucos. Pero separadamente desa programación xeral de actividades e contidos, haberá algúns pasos que deberemos considerar:

4.1 Xeral

Concretar as ideas xerais a ter en conta para intervir cos alumnos/as na aula de Informática:

- ✚ Facilitar a autonomía nos alumnos para o uso dos ordenadores. Non darlles todo feito. Que sexan eles os que o poñen en marcha, entran no programa, saen e apagan o ordenador.
- ✚ Potenciar a participación de todos os alumnos, valorando actitudes de respecto, cooperación e integración.
- ✚ Inculcar que o emprego educativo do ordenador leva consigo traballo, aprendizaxe, actividade, diversión e esforzo. Non só é xogar.
- ✚ Realizar actividades adaptadas aos alumnos, e nas que cada un poida desenvolver a actividade segundo o seu nivel, os seus ritmos de aprendizaxe e si é posible as súas aptitudes.
- ✚ Fomentar actitudes de coidado do material, coidado dos ordenadores e do mobiliario.
- ✚ Pormenorizar: onde empezar o uso da informática, como iniciarse no emprego do rato, como introducir o teclado, onde empezar a inculcarlles a autonomía do emprego do ordenador (poñer en marcha, iniciar un programa, pechalo, apagar o ordenador...).
- ✚ Iniciarase no uso do ordenador preferentemente en Educación Infantil. Sempre se procurará que no último curso de Educación Infantil todos os alumnos tiveran contacto co ordenador.
- ✚ O teclado e o rato introducíranse á vez, procurando facelo con programas adaptados para iso. Teclado, en infantil, con programas que actúen con poucas teclas, atendendo primordialmente á pulsación controlada; en Primaria, con programas que presentan o teclado completo. Rato, en Infantil, con programas preparados para iso e que suscitan a pulsación en amplas zonas da pantalla.
- ✚ A autonomía no emprego do ordenador, desde 1º de Primaria, e en especial a partir de 3º, onde serán os propios alumnos os que fagan todas as actividades, sempre que sexa posible.

- ✚ O Procesador de Textos iniciárase como forma de facilitar a expresión e a comunicación a partir de 1º de Primaria, e atenderase non só a que sirva como medio de expresión, senón tamén a coñecer as posibilidades fundamentais desta ferramenta informática: Edición (Tipos de letra, cor, tamaños, mover ou copiar texto, Formato, táboas, Inserir imaxes, Liñas, Bordos...), Impresión (imprimir, tamaño da páxina...) e Mantemento (Gardar, Cargar un documento)
- ✚ Potenciarase o intercambio de información entre os alumnos.
- ✚ Iniciarase o emprego de Internet como forma de acceder á información en 1º e 2º, mediante actividades dirixidas e moi sinxelas, e posteriormente, nos demais cursos procurando que sexan eles mesmos os que accedan a unha información determinada utilizando buscadores ou a través de actividades guiadas (listas activas, procuras, cazas do tesouro ou webquest).

4.2 Antes de ir á aula

- ✚ Planificar a actividade
- ✚ Seleccionar os programas ou recursos que se van a utilizar
- ✚ Prever as actividades a realizar. (Ás veces, unhas actividades dun mesmo programa ou recurso valen e outras non).
- ✚ Planificar o número de sesións e como se van a organizar.
- ✚ Integrar o traballo na aula de informática, dentro da programación do curso e dos contidos a traballar nel. Non ao traballo illado de informática.
- ✚ Enmarcar o traballo informático, sempre que se poida, dentro dunha actividade máis ampla: actividades previas, actividades na aula de informática, e actividades posteriores.
- ✚ 4.3 Na aula de TIC

Nas primeiras sesións investir tempo en:

- ✚ Ordenador: acender, apagar, tapar, coidar...
- ✚ Discos: Posición correcta ao introducilos, que se pode facer e que non, introducir e sacar...
- ✚ Manexo básico por unha fiestra: maximizar, minimizar, pechar
- ✚ Como abrir un programa e pechalo correctamente.
- ✚ Teclear correctamente.
- ✚ Uso do rato.
- ✚ Apagar adecuadamente o ordenador.

Sempre:

- + Ir a Aula de Informática con lápiz e papel (Traballar tamén en papel. Algunhas actividades precisan realizalas previamente)
- + Deixarles sempre o máis claro posible o que pretendemos e que é o que van realizar:
 - Varias posibilidades:
 1. Explicación inicial e traballo posterior.
 2. Folla de traballo pormenorizando o que se vai a realizar.
 3. Pequenas explicacións e traballo posterior.
- + Afacelos dende o principio a respectar o material, a recoller e ordenar a aula ao finalizar.

4.4 Despois

Realizar algunha anotación: que fixemos, aspectos interesantes, modificacións para o curso próximo ou para o próximo día, problemas que xurdiron, comentarios...

5. CONTIDOS

Formulación xeral do Centro

Medios informáticos en Infantil

- + Dentro da aula no recuncho do ordenador ou na aula TIC. Realizara o titor ou titora, quedándose a profesora de apoio coa metade da clase.

Podemos valorar varios aspectos:

- + Pode ser máis motivante: aula máxica, aula da fantasía na que imos atopar un ser máxico (o ordenador) con personaxes que nos van a dicir ou mostrar cousas (os programas).
- + É un lugar onde vas e algo pasa...
- + Organización do traballo: Uns alumnos van a aula máxica e outros permanecen na súa aula. Isto supón: planificar e preparar diversas e diferentes actividades; necesidade de organizar ben ao profesorado, pois se necesitan dous profesores nese momento; previamente programouse a actividade a realizar.

Medios informáticos en Primaria

Como contido:

- + Coñecer basicamente as partes do ordenador: teclado, monitor,rato, ordenador, CDRom, disquetes, altofalantes...
- + Coñecer as posibilidades do ordenador e da informática.
- + Coñecer as súas aplicacións na vida cotiá: actividades de lecer e xogo, laborais, creativas e de deseño, educativas e de coñecemento, etc.

Como ferramenta ou medio didáctico:

1º e 2º de Primaria

- ✚ Apoiar no desenvolvemento das destrezas fundamentais: lectura, comprensión lectora, auditiva, escritura- expresión, cálculo, numeración, series e clasificacións.
- ✚ Apoio as actividades de clase mediante actividades online.
- ✚ Traballar as noticias de prensa,
- ✚ Afianzar aspectos espaciais e temporais.
- ✚ Favorecer a creatividade e a comunicación.
- ✚ Iniciarse no mundo das comunicacións: correo electrónico con alumnos da súa contorna.

3º e 4º de Primaria

Perfeccionar as aprendizaxes fundamentais:

- ✚ Comprensión lectora e interpretación correcta das ordes.
- ✚ Creación de textos. Corrección. Expresión.
- ✚ Cálculo e cálculo mental. Numeración. Xeometría.
- ✚ Iniciarse no coñecemento do seu Medio próximo.
- ✚ Realizar actividades de Resolución de Problemas.
- ✚ Iniciarse no mundo das comunicacións: Correo electrónico con alumnos da súa Comunidade.
- ✚ Iniciarse na utilización de Internet para procuras de información.

5º e 6º de Primaria

Actividades de apoio, reforzo ou perfeccionamiento para as diferentes áreas: Matemáticas, Lingua, Coñecemento do Medio, Idiomas, Plástica, Música, E.Física... Será unha ferramenta para reforzar os contidos conceptuais que se traballan na aula.

Procura dunha maior autonomía no traballo, preparación para a vida laboral:

- ✚ Procesador de Textos, Xornal (maquetación), aplicacións propias (Láminas, Neobook, etc...).
- ✚ Adquirir coñecementos novos. Buscar información ou estudar determinados temas aproveitando CDs multimedia, Enciclopedias, ou investigando en direccións de Internet que lles proporcionemos.
- ✚ Internet e a procura de información. Navegación. Depuración da información.

Buscar información sobre contidos conceptuais dalgunhas áreas.

- ✚ Comunicación: Correo electrónico e contactos con outros compañeiros e con outras contornas.

- ✚ Chat e participación en debates, foros e conferencias. Posibilidade de intercambiar información noutros idiomas, ou de contactar con países aos que pertencen alumnos e alumnas do centro.

Avaliación:

Realizaremos unha avaliación inicial que facilite:

1. Os coñecementos previos que posúe do tema que imos traballar.
2. A actitude cara ao proceso de aprendizaxe.
3. Os coñecementos que ten no uso dos ordenadores, programas ou habilidades informáticas.
4. Realizaremos unha avaliación formativa continua que nos indique:
 - ✚ Se vai logrando os obxectivos propostos nas distintas áreas do coñecemento. (Seguimento habitual)
 - ✚ Se vai adquirindo as habilidades básicas marcadas no uso do recurso
 - informático: uso dos elementos do ordenador, manexo de programas didácticos, navegación pola web, uso de ferramentas básicas informática (procesador de textos, programa para debuxar, programa para editar fotografías, uso do correo electrónico...), consulta de enciclopedias e buscadores...
 - ✚ Se establece a correspondencia adecuada entre as aprendizaxes das
 - ✚ distintas áreas e o uso dos recursos informáticos.

Avaliación final:

- ✚ Resultado de analizar todo o proceso de avaliacións continuas feitas.

Tratamento da diversidade, atención ao alumnado con NEE.

Ordenadores na Aula de Pedagogía Terapéutica e A.L. O alumnado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe contará con ordenadores multimedia para poder usar os programas informáticos interactivos máis adecuados.

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

En cumprimento da Lei Orgánica 2/2006 de educación e da súa concreción para a comunidade autónoma de Galicia no Decreto 133/2007 do 5 de xullo (DOG 13/07/07) este Proxecto Lector de Centro tenta conseguir que o alumnado do CEIP Lamas de Abade, ao remate de primaria e con relación á súa idade, posúa as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento persoal.

Para isto os profesores e profesoras do CEIP Lamas de Abade adquiren o **compromiso de poñer todo o seu empeño en elevar o nivel de comprensión lectora así como en fomentar o hábito lector entre o alumnado.**

ANÁLISE DO CONTEXTO

O CEIP Lamas de Abade é un centro de Santiago de Compostela. Trátase dunha zona de desenvolvemento económico notable marcada pola actividade de comercio e industria.

O PROFESORADO

As concepcións sobre a lectura e os métodos e actitudes cara a mesma son moi variados no profesorado pero non sempre son as máis produtivas ou adecuadas. É por iso que sería moi desexable levar a cabo tarefas de formación relacionadas co fomento da lectura.

A BIBLIOTECA ESCOLAR

A biblioteca do centro conta dende o curso 2006/07 cun equipo de varios profesores con dedicación horaria. Dende entón estase a levar a cabo a ardua tarefa de automatización do catálogo e do servizo de préstamo xunto con outras labores como a sinalización externa e interna e a dinamización da mesma mediante actividades de formación de usuarios, educación documental e fomento da lectura.

COOPERACIÓN CON OUTRAS INSTANCIAS

Neste núcleo de poboación non hai librerías polo que os alumnos deben desprazarse a outras zonas da cidade.

Non existe polo de agora unha coordinación estable con outras bibliotecas.

O PROXECTO LECTOR DE CENTRO:

O proxecto lector do noso centro debe ser:

- Realista
- Operativo
- Abarcable

- Obra dun equipo
- Flexible
- Vivo

OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

O colectivo docente do centro está convencido de que a lectura comprensiva non é tarefa exclusiva das áreas de lingua xa que a todos afecta o feito de que os alumnos e alumnas comprendan as explicacións e o significado dos textos escritos.

O noso obxectivo é deseñar un proxecto lector personalizado para o centro establecendo uns criterios comúns para todas as áreas que, despois, se adaptarían aos distintos niveis encargados de elaborar obxectivos, contidos e actividades concretas de lectura.

Este proxecto pretende ser **sinxelo, realista, consensuado** e baseado no fomento das boas prácticas lectoras na tarefa cotiá de profesores e alumnos, máis que nos grandes principios teóricos, aínda que estes sexan tamén necesarios.

Por tanto, o profesorado do CEIP Lamas de Abade asume o compromiso de:

1. Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita, e como estímulo do espírito crítico, contribuíndo, en definitiva, ao crecemento persoal do alumnado.
2. Integrar as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario, respondendo ás características e necesidades propias de cada materia.
3. Traballar a lectura comprensiva conxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
4. Asumir que esta tarefa non é responsabilidade exclusiva das áreas de Lingua, senón que é necesaria a participación de todas as áreas do currículo.
5. **Implicar ás familias** no obxectivo de elevar a comprensión lectora de seus fillos e fillas.
6. Deseñar actividades de comprensión lectora por áreas e niveis que teñan como marco os principios do proxecto lector de centro.
7. Programar actividades de animación lectora no marco do Proxecto lector de Centro.

8. Utilizar os recursos da biblioteca escolar o que contribuirá a actualizar os seus fondos.
9. Considerar a biblioteca do CEIP Lamas de Abade como un espazo central da vida diaria do centro, tanto para alumnado como para profesorado.
10. Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal que implica a todas as áreas, e que se pode traballar de diversos xeitos: en voz alta ou en silencio, co profesor ou co alumno de protagonistas, en dramatizacións ou en recitais, individualmente ou con varias voces, etc.

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DIDÁCTICA

O Equipo directivo e o Consello Escolar:

1. Asumirá o Proxecto como tarefa primordial cada curso escolar. Para isto, facilitarán os recursos humanos e materiais de que poidan dispor.
2. Saben que a familia ten que constituír un eixo fundamental no Proxecto Lector e debe invitala a colaborar eventualmente nas actividades lectoras do centro e a motivar a lectura dos seus fillos e fillas na casa.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica:

1. Será informada de calquera decisión que se tome respecto da comprensión lectora. Esta comisión, á súa vez, comprométese a transmitir esta información aos niveis.

O equipo de biblioteca:

1. Comprométese a colaborar activamente co profesorado do centro á hora de proporcionarlles material didáctico, teórico e práctico, encamiñado á inclusión de actividades de fomento da lectura e comprensión lectora nas distintas programacións.
2. Colaborará activamente na posta en práctica das actividades de fomento da lectura ao longo de todo o curso.
3. Levará a cabo a formación dos usuarios da biblioteca de cara ao seu aproveitamento óptimo nas tarefas de busca de información ou lecer.

Este Proxecto Lector incorporárase ao Proxecto Educativo de Centro co fin de traballar a comprensión lectora de modo sistemático.

O Proxecto Lector non só se centrará en libros senón en calquera formato e soporte: revistas, xornais, cd-rom, xogos multimedia, etc.

MEDIDAS FRONTE OS PROBLEMAS DE COMPRESIÓN LECTORA

Consideramos necesario:

- Seleccionar lecturas de todas as áreas e para todos os niveis, tendo en conta os diferentes grados de dificultade no contido e no vocabulario.
- Empregar todo tipo de textos, contínuos e discontinúos, en soporte papel ou dixital.
- Coñecer o nivel de comprensión lectora do noso alumnado e proporcionarlle unhas técnicas de lectura claras e sinxelas que se adapten aos diferentes textos, tendo en conta non só os niveis de dificultade senón tamén a finalidade da lectura.
- Recoñecer que existen problemas de actitude entre moitos alumnos: non saben escoitar, non entenden o significado das preguntas do profesor e tampouco comprenden as súas explicacións.
- Recoñecer que existen serias dificultades no alumnado á hora de diferenciar na escrita se se están expresando en Lingua Galega ou Castelá.
- Admitir que o proceso mental que conduce á comprensión dos textos é algo persoal e idiosincrásico. Non obstante, debemos ensinar ao alumnado a empregar estratexias e técnicas que lle permitan adquirir unhas competencias lingüísticas que poida adaptar á súa propia organización mental.
- Aproveitar as oportunidades lectoras que se presenten en clase e fora de ela: titorías, traballos de aula, tarefas de casa, etc.
- Analizar a linguaxe dos libros de texto e a súa estrutura e comprobar que é o que non se entende de cada apartado ou exercicio.
- Elaborar actividades lectoras prácticas a desenvolver na aula.

ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS PARA O TRATAMENTO DA COMPRESIÓN LECTORA E DO VOCABULARIO ESPECÍFICO EN TODAS AS ÁREAS DE PRIMARIA

Unha correcta comprensión lectora favorece a adquisición e comprensión do vocabulario específico e da linguaxe propio de cada materia, co fin de acadar precisión e rigor na expresión dos conceptos de área e enriquecer os rexistros lingüísticos do alumnado.

O currículo está mediatizado pola linguaxe, sexa oral ou escrita, e os coñecementos das distintas disciplinas artéllanse, en gran parte, de forma lingüística.

Ademais, se os alumnos non dominan as técnicas para comprender textos escritos, péchaselles unha porta de acceso ao coñecemento e ao crecemento persoal.

Para que o proxecto de lectura funcione, compre contar coa colaboración do profesorado, que deberán:

- Deseñar actividades lectoras que se integren no contexto da clase e no traballo diario, que respondan ás características de cada materia e que se baseen nos obxectivos xerais do proxecto lector do centro.
- Compartir estratexias e recursos cos demais niveis, e actuar conxuntamente, sempre que sexa posible.
- Propor actividades de animación á lectura por niveis
- Aproveitar os recursos da biblioteca e actualizar os seus fondos.
- Non esquecer que a finalidade última do Proxecto é implicar na lectura ao alumnado, por tanto, debemos esforzarnos en buscar fórmulas atractivas e motivadoras.

O profesorado debe, ademais, establecer unhas estratexias comúns para axudar aos alumnos con problemas de comprensión lectora, que poderíamos resumir así:

- Esmiuzar os textos ata conseguir a súa comprensión.
 - Non conformarse con que repitan ou memoricen os textos.
 - Comprobar sistemáticamente se realmente o comprenden.
 - Analizar o vocabulario.
 - Cambiar os hábitos de clase de xeito que se fomente o hábito de preguntar e consultar o que non entenden.
- Para isto debe estimular aos alumnos para que pregunten, evitar comentarios negativos, impedir que se sintan cohibidos ou ridículos, etc.
- Facer que o alumnado entenda a importancia que ten para a súa aprendizaxe o feito de comprender ben o que le e acostumalos a empregar o dicionario.

É moi importante fomentar no alumnado unha cultura da lectura e inculcarlle a idea de que, aínda que ler require un esforzo, é gratificante.

Así mesmo convén practicar a lectura en voz alta, pois esta axuda á comprensión e nos permite comprobar moitas veces se o alumno comprende ou non o que le. Ademais, a lectura en voz alta mellora a dicción, a capacidade de expresarse en público con soltura, axuda ao alumno a vencer a timidez e o medo ao ridículo e, por último, prepara ao alumno para o seu futuro laboral.

APLICACIÓN DA COMPRENSIÓN LECTORA NA AULA

O CEIP Lamas de Abade considera que a aprendizaxe significativa de cada área só pode realizarse a través da lectura comprensiva dos seus textos xa que esta é imprescindible para que os alumnos entendan, asimilen e recorden os conceptos de cada unha delas; polo tanto:

- a) Cando se empreguen recursos audiovisuais ou outros, elaboraranse actividades didácticas e guións para facilitar a interpretación dos códigos verbais e non verbais.
- b) Na elección do libro de texto, terase en conta a súa adecuación aos obxectivos de área, á metodoloxía empregada e en que medida favorece a comprensión lectora.
- c) Prepararanse as clases tras analizar a estrutura da unidade e tentando transmitir aos alumnos as técnicas de estudo adecuadas para adquirir os coñecementos propostos.
- d) Utilizaranse cada un dos tres tipos de lectura (previa, lenta e de síntese) cando se estime oportuno.
- e) A lectura comprensiva é un proceso no que caben diversos procedementos como a exposición oral, as redaccións, a lectura en voz alta...
- f) É indudable que a biblioteca é un centro de recursos que apoia a aprendizaxe de todas as áreas e a igualdade educativa de todo o alumnado.

O CEIP Lamas de Abade considera que cada área ten unha linguaxe específica e un vocabulario concreto; polo tanto:

- a) Axudarase aos alumnos a coñecer e empregar a terminoloxía adecuada en cada ámbito do saber para que o manexen dun xeito progresivo e preciso.
- b) Elaborarase unha lista de termos fundamentais de cada materia co fin de observar a evolución da capacidade lectora e de comprensión conceptual do alumnado.
- c) É imprescindible coñecer o significado claro de todos os conceptos, non só para a súa comprensión, senón para incorporalos á linguaxe oral e escrita.

Para mellorar a comprensión lectora das unidades didácticas plantexadas nos libros de texto, débese:

Ler detidamente os textos.

Facer preguntas dirixidas cara a comprensión do texto.

Analizar o vocabulario.

Activar as ideas previas.

Relacionar o texto lido con outras experiencias.

Facer resumos, esquemas ou mapas conceptuais.

Extraer a idea principal.

Propor outros títulos.

Facer debuxos que resuman o texto.

Reler en silencio.

Para romper o hábito de ocultar que non se comprende, o profesorado debe:

Intentar que o alumno supere o sentido do ridículo e prestar unha atención especial aos tímidos.

Facilitar que pregunten.

Non levantar a voz nin enfadarnos senón ter una actitude comprensiva.

Animarlles á participación.

Ter paciencia, repetir as explicacións de xeito diferente ou facelo coa colaboración de outros compañeiros.

Facilitarlles que pregunten de forma indirecta (escrita).

Crear un clima de silencio e atención.

Para activar o clima de participación na aula e lograr un ambiente participativo, o alumno deberá:

Respectar os turnos de palabra.

Aprender a escoitar.

Reflexionar antes de falar.

Comprender que todas as ideas son válidas e respectables e que non pasa nada por equivocarse.

Formular preguntas sobre os textos tanto ao profesor como aos compañeiros.

Expoñer as preguntas con seriedade.

Aprender a defender teses ou a rebatilas, argumentando correctamente.

Emprender unha segunda lectura despois de plantexadas as cuestións.

Para a comprensión do vocabulario específico de cada área, realizaranse as seguintes actividades:

Buscar sinónimos e antónimos.

Estudar prefixos, sufixos, familias de palabras, campos semánticos, etc.

Subliñar as palabras que non se entenden.

Para mellorar a comprensión e a expresión oral, propónse:

Que o profesorado lea en voz alta para servir de modelo e referente aos alumnos.

Avaliar a comprensión lectora do alumno mediante a lectura en voz alta de textos previamente traballados.

Que o alumno lea tamén en voz alta.

Fomentar a expresión a través da lectura de textos.

Definir, de forma oral, termos que se traballaron e comprenderon.

ACTUACIÓNS DO CENTRO DESTINADAS AO FOMENTO DA LECTURA E DA ESCRITURA E Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

1. “Hora de ler”

20 minutos diarios de lectura individual e silenciosa na aula. A elección dos textos será libre por parte dos alumnos e o titor que os acompañe na súa escolla procurará que, ao longo do curso, se manexe todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, gráficos, en soporte impreso e dixital.

2. Técnicas de estudio

Os titores de cada un dos grupos comprométense a levar a cabo actividades relacionadas coa adquisición de técnicas de estudio e comprensión de textos escolares. O equipo de biblioteca así como o Departamento de Orientación proporcionarán aos titores todo o material que precisen.

3. Actividades de comprensión lectora específicas de cada área ou materia.

Nas programacións didácticas de cada Nivel deberán constar cada unha das actividades deseñadas especificamente para traballar a comprensión lectora.

Cada unha destas actividades deseñadas para as programacións didácticas deben ser incluídas neste Proxecto Lector de Centro.

4. Actividades de fomento da lectura, educación documental organizadas pola Biblioteca Escolar.

A Biblioteca Escolar levará a cabo unha serie de actividades de fomento da lectura nas que participará toda a comunidade educativa e que aparecen descritas especificamente na Programación de Biblioteca.

5. Lecturas recomendadas.

Todas as programacións de Niveis incluírán ademais unha lista de lecturas recomendadas que serán á súa vez entregadas aos alumnos. Trátase dunha relación de lecturas tanto informativas coma de ficción, vencelladas ao traballo de aula e que o lector curioso poderá atopar na biblioteca do centro.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1. Introducción

A lexislación actual determina que cada grupo de alumnos ten que ter un titor ou titora no que recaen as tarefas de orientación e apoio do alumno ou alumna como grupo e individualmente. En base a isto, resáltase neste plan a figura do Profesor/a titor/a.

O impulso a todo o proceso de elaboración correu a cargo do D. Orientación e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A titoría puntual ou conxunto de actividades que vai levar a cabo o/a profesor/a titor/a, responsable da clase deberá adecuarse á programación previamente consensuada entre os diferentes profesores de ciclo ou etapa e a xefatura de estudos. Isto supón a posibilidade de desenvolver este plan a través de programas específicos para cada curso académico, que se concretarán na Programación Xeral Anual.

O Plan proporciona os elementos que posibiliten determinadas estratexias de actuación sistemática, a coordinación dos axentes que interveñen, actividades específicas para lograr o bo funcionamento das titorías nos tres ámbitos: alumnado, profesorado, pais e nais.

2. Marco legal.

Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación.

D. 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de E. Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 9 de xullo de 2007)

D. 330/2009, de 4 de xuño polo que se establece o currículo de E. Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26/06/2009)

D. 374/1996, de 17 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de E. Infantil e dos Colexios de E. Primaria e Orde do 22 de xullo de 1997.

3. Marco teórico-conceptual. Principios psicopedagóxicos

A acción titorial considérase intrínsecamente vinculada á docente como conxunto de accións articuladas en torno a esta e que pretenden contribuír á consecución dos grandes fins da educación e por elo ós obxectivos de cada etapa.

O noso plan guíase polos seguintes principios:

- Personalización: edúcase á persoa como tal, para o desenvolvemento da personalidade de cada un.
- Individualización: Edúcase a persoas concretas, con características individuais, que se deben respectar, aproveitar e enriquecer, non a abstraccións ou a colectivos.
- Integración: Edúcase á persoa completa, integrando os diferentes ámbitos de desenvolvemento e as liñas educativas; en contraposición á parcelación educativa ou dos coñecementos.
- Diversificación: Edúcase axustando a ensinanza ás necesidades educativas dos alumnos mediante as oportunas adaptacións curriculares, metodolóxicas e de acceso, adecuando a escola ó alumno, ás súas características, coas súas aptitudes, intereses e motivacións diferenciais.
- Tutoría, orientación e intervención psicopedagóxica integran o currículo, como oferta educativa dirixida a todos os aspectos da aprendizaxe e á maduración da personalidade do alumnado.

4. Principios xerais

- PAT é o marco que define os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das tutorías. Nel inclúense os obxectivos e liñas de actuación que ó longo do curso os tutores irán desenvolvendo co alumnado do centro.
- Entendemos a orientación e a tutoría do alumnado como tarefa de todo o profesorado e, por elo, como algo que abarca tanto as actuacións que, con carácter máis específico, desenvolve o profesor tutor co seu grupo ou na comunicación coas familias e o resto do profesorado como aquelas outras que cada profesor leva a cabo dentro da súa área para orientar e apoiar o proceso de aprendizaxe do seu alumnado.
- Partimos dunha visión integral da educación, o seu fin é a formación de persoas que, ademáis de dispor de coñecementos, desenvolvan o conxunto das súas potencialidades ó máximo e saiban desenvolverse no mundo actual. Dende esta perspectiva, a acción tutorial é unha vía óptima para facilitar que o alumnado reciba esa formación integral e, na medida do posible, individualizada, a través de actuacións nos entornos da clase, do equipo de profesores e as familias.
- Consideramos que as diferencias individuais inflúen poderosamente no avance de cada alumno ou alumna. En tal sentido, axustamos a ensinanza ás necesidades educativas do alumnado mediante as oportunas adaptacións curriculares, adecuando a escola ó alumno, especialmente para aqueles que presentan dificultades.
- Na acción tutorial otorgamos moita importancia ás familias. Obxectivo esencial da nosa tarefa será lograr a colaboración e implicación dos pais e nais na educación dos seus fillos infomándoos e asesorándoos sobre os asuntos que se refiran á mesma.

5. Obxectivos xerais da Acción tutorial

- Contribuir á personalización da educación entendida no seu carácter integral de desenvolvemento de todos os aspectos da persoa e individualizando con aptitudes e intereses diferenciais.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado articulando as medidas oportunas de apoio ó proceso de ensinanza - aprendizaxe.
- Resaltar os aspectos orientadores da educación, favorecendo a adquisición de aprendizaxes máis funcionais conectados co entorno, de modo que a educación sexa “educación para a vida”.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e das progresivas decisións.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, evitando no posible, fenómenos indesexables como o fracaso ou a inadaptación escolar.
- Contribuir á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e o entorno social, asumindo o papel de mediador e facilitando o diálogo e a negociación ante os conflitos ou problemas que poidan plantexarse.

6. Funcións dos titores e titoras

Son as tarefas propias do titor , tanto a nivel formativo como instrutivo. Entendemos ó titor como aquela persoa que está a meirande parte do tempo cun grupo de alumnos determinado, que é o seu punto de referencia para o logro dunha educación integral da persoa , para a educación nuns valores , a convivencia, a toma de decisións, resolución de problemas,...e ó mesmo tempo o primeiro interlocutor das familias con relación ó proceso de aprendizaxe dos seus fillos.

Ditas funcións son as que aparecen no artigo 81 do Regulamento orgánico dos centros de Educación infantil e de Primaria (DOG do 21 de outubro de 1996).

- ✓ Proporcionar no principio de curso ós alumnos e ós pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- ✓ Coñece-las características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- ✓ Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- ✓ Informa-los alumnos do grupo, os pais e os profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención ós aspectos e medidas tendentes a facilita-la competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- ✓ Facilita-la integración do alumnado no grupo e foménta-la súa participación nas actividades do centro.
- ✓ Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
- ✓ Orienta-los alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- ✓ Orienta-las demandas e inquedanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- ✓ Informa-lo equipo de profesores do grupo de alumnos das características especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- ✓ Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- ✓ Coordina-las adaptacións, curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
- ✓ Coordina-lo proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adopta-la decisión que proceda referente a promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais ou titores legais.
- ✓ Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- ✓ Facilita-la cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
- ✓ Fomenta-la colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- ✓ Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- ✓ Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- ✓ Controla-la falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados ós pais ou titores legais e ó xefe de estudos.

- ✓ Atender xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres permanecen no centros nos períodos de lecer.
- ✓ Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.
- ✓ Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.
- ✓ De se-lo caso, organizar e presidi-las sesións de avaliación.
- ✓ Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.

Todas estas funcións, poderían agruparse en tres ámbitos de intervención:

- ✓ No ámbito do alumnado.
- ✓ No ámbito das familias.
- ✓ Intervención cos demais mestres que interveñen no grupo-clase.

7. Programación de actividades tutoriais

7.1. Acollida e integración do alumnado

Desenvolver as actividades previstas no plan de acollida.

Presentación do titor.

- Presentación dos alumnos.
- Coñecemento mutuo dos alumnos.
- Exercicios para favorecer a relación e integración do grupo.

Coñecemento do centro escolar:

- O noso centro.
- Dependencias e servicios.
- Estrutura organizativa.
- A nosa aula.

7.2. Organización e funcionamento do grupo-clase

- Recollida de información sobre o alumnado.

- Organización e funcionamento da aula:
 - Normas da clase.
 - Disciplina.
 - Horarios.
 - Agrupamento de alumnos
 - Prever apoios necesarios.

7.3. Adquisición e mellora dos hábitos de traballo:

- Hábitos básicos.

Sentarse correctamente.
Relaxación.
Autonomía e orde.

- Técnicas de estudio.

Traballo individual.
Traballo en grupo.
Organización do traballo persoal.

- Destrezas instrumentais.

Comprensión lectora.
Técnicas de recollida de información.
Técnicas para mellorar a retención e o recordo.

- Estratexias de apoio para o estudo.

Planificación do tempo.

Condicións ambientais mínimas.

Colaboración da familia.

- Técnicas motivacionais.

Responsabilidade na tarefa.

Tarefas de dificultade adecuada.

Participación dos alumnos nas propostas de actividades.

Afrontamento do fracaso.

7.4. Desenrolo persoal e adaptación escolar.

- Actividades para desenvolver:

Actitudes participativas.

Habilidades sociais.

Unha autoestima positiva.

Autocontrol.

Convivencia entre o alumnado.

Interacción titor-alumno.

- Coñecemento da situación de cada alumno no grupo.

Dinámica interna do grupo.

Actitudes.

Dificultades.

Entrevistas individuais.

7.5. Participación da familia.

- Reunións periódicas.

Intercambio de información.

Explicación da programación.

Informar sobre o proceso de avaliación e comentar os resultados.

Organización do traballo persoal dos seus fillos. Tempo libre e descanso.

- Colaboración en actividades extraescolares.
- Coordinar grupos de discusión sobre temas formativos de interese para a educación dos seus fillos.
- Entrevistas individuais.

7.6. Proceso de avaliación.

- Avaliación inicial.

Obtención de información.

Técnicas de información.

Cuestionario inicial.

Técnicas grupais.

Probas de nivel (matemáticas e lingua).

Entrevistas.

Revisión do expediente.

- Avaliación formativa.
- Reunión cos alumnos.
 - Comentar conclusións da información obtida.
 - Comentar resultados da avaliación.

8. O plan de acción tutorial no entramado organizativo do centro

O PEC é o documento que recolle e orienta os procesos de intervención educativa que se desenvolven no colexio, e polo tanto a acción tutorial debe estar orientada polas liñas definidas no PEC e nos documentos que o acompañan.

A concreción da acción tutorial enmárcase dentro do desenvolvemento curricular. Por iso o PAT debe ocupar un espazo concreto no Proxecto Educativo de Centro.

O PAT é unha parte do plan de orientación , dentro do proceso orientador, a atención á diversidade e a acción tutorial.

9. Avaliación do PAT.

Os diferentes equipos de nivel reuniranse, logo das sesións de avaliación e información ás familias, para analizar cales foron as actuacións que se desenvolveron e cales foron as modificacións introducidas e as razóns das mesmas. Os coordinadores de nivel informarán na reunión do D. Orientación do tratado nestas reunións.

A fin de curso eses mesmos equipos realizarán unha valoración xeral do grao de satisfacción do plan desenvolvido e informarán sobre aquelas cuestións que deban terse en consideración no desenvolvemento da acción tutorial do próximo curso. Todo isto será tratado na reunión do D. Orientación.

PLAN DE CONVIVENCIA

1. DIAGNOSTICO

- 1.1. Características do Centro e o seu ámbito
- 1.2. Características da comunidade educativa
- 1.3. Situación da convivencia no Centro

2. OBXECTIVOS

- 2.1. Xenerais
- 2.2. Específicos

3. NORMAS DE CONVIVENCIA

- 3.1. Normas relativas aos pais e nais
- 3.2. Normas relativas aos profesores
- 3.3. Normas relativas aos alumnos

4. COMISION DE CONVIVENCIA

- 4.1. Composición da comisión
- 4.2. Competencias da comisión de convivencia
- 4.3. Periodicidade das reunións

5. MEDIDAS A APLICAR PARA PREVIR, DETECTAR, MEDIAR E RESOLVER CONFLITOS.

- 5.1. Actuacións preventivas
- 5.2. Actuacións conxuntas

5.3. Detección e tratamento do maltrato

6. NECESIDADES DE FORMACION

7. ESTRATEXIAS E PROCEDEMENTOS PARA A DIFUSION, SEGUIMENTO E AVALIACION

8. PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE INCIDENCIAS

INTRODUCCIÓN

O Equipo Directivo do CEIP Lamas de Abade, conforme ao establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), establece a necesidade de incorporar ao Proxecto Educativo de Centro (PEC) o Plan de Convivencia. Este Plan de Convivencia contempla as medidas e iniciativas propostas polo Consello Escolar e o Claustro de Profesores.

1- DIAGNOSTICO

1.1 Características do centro e o seu ámbito

a. Situación xeográfica

O CEIP. "Lamas de Abade" esta situado no barrio do mesmo nome na localidade de Santiago de Compostela .

b. Situación socio-económica

A poboación está formada na súa maioría por empregados e pequenos propietarios. Dos tres sectores económicos sobresaie o secundario.

*As características da zona no que se atopa o Centro están detalladas no Proxecto Educativo.

c. Infraestrutura

O centro é unha construción dos anos 70, e conta con dúas liñas no segundo ciclo de E.I., e próximamente tres en Educación Primaria.

d. Distribución

Os espazos son os seguintes:

Planta baixa. Seis aulas de Infantil, unha aula de Primaria Sala de profesorado, aseos, salón de actos, biblioteca, despachos equipo directivo e orientación e dúas aulas de primaria.

Planta primeira. Oito aulas, Aula de Plástica, aula de Relixión e Laboratorio de Idiomas.

Planta segunda. Sete aulas, Aula de Informática, Aula Música, Aulas de PT e AL.

Polideportivo municipal que se usa para clases de Educación Física.

O patio de recreo é moi amplo e ben acondicionado contando con espazos suficientes para tódolos niveis.

1.2. Características da comunidade educativa

a) Profesorado

O equipo do profesorado é de 36 docentes, incluíndo a profesora de relixión, dos que a gran maioría teñen destino definitivo no noso centro.

b) Familias

Neste centro existe unha alta porcentaxe de pais e nais que traballan, o que leva consigo necesidades de aumento de horario de permanencia no centro, de aí a entrada en funcionamento do servizo de madrugadores, comedor e o plan de actividades extraescolares e campamentos en períodos vacacionais.

Así mesmo o Centro conta con transporte escolar que recolle nenos procedentes da zona de influencia.

c) Alumnado

Nos últimos cursos incorporouse ao noso centro alumnado estranxeiro.

Prácticamente non hai absentismo escolar, non obstante lévase un control e seguimento riguroso das faltas.

1.3 Situación da convivencia no centro

O clima actual da convivencia no noso centro é bo e satisfactorio.

Os tipos de conflitos máis frecuentes son:

- ✚ Distracción e falta de atención.
- ✚ Disrupción na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros
- ✚ Perda de respecto entre iguais ou a menores durante o recreo.
- ✚ Falta de respecto ás veces entre iguais.
- ✚ Desobediencia ás ordes educativas-formativas do mestre-familia.
- ✚ Conflitos no patio na hora do recreo.

As súas causas son:

- ✚ Falta de atención.
- ✚ Dificultades de aprendizaxe.
- ✚ Falta de colaboración e/ou implicación por parte dos pais
- ✚ Impulsividade, escasa reflexión.

2. - OBXECTIVOS

2.1 Xerais.

- ✚ Promover e desenvolver actuacións relativas ao fomento da convivencia no noso centro, no que estean integrados todos e cada un dos membros da comunidade educativa
- ✚ Fomentar nos alumnos o espírito de convivencia activa, baseada en principios democráticos e no respecto ás persoas e instalacións
- ✚ Fomentar os valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar a aceptación e cumprimento das normas e así avanzar no respecto á diversidade e á igualdade entre homes e mulleres.
- ✚ Tomar en consideración as emocións e sentimentos das persoas a través do diálogo e a conversación para a mellora das relacións persoais.
- ✚ Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente a violencia de xénero e as actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

2.2 Específicos

- ✚ Lograr un clima de convivencia baseado no respecto e comunicación entre os diversos axentes da nosa comunidade.
- ✚ Fomentar as interrelacións persoais.
- ✚ Favorecer a autonomía persoal a través de hábitos de hixiene, alimentación e saúde.
- ✚ Establecer normas claras e sinxelas comprendidas e aceptadas por todos.
- ✚ Asumir que a educación é unha tarefa entre alumnado, profesorado e pais-nais
- ✚ Fomentar actitudes de tolerancia. e respecto.
- ✚ Potenciar o debate e a participación

3. NORMAS DE CONVIVENCIA

As normas de convivencia han de entenderse como unha serie de propostas dirixidas á Comunidade Educativa, referidas a comportamentos ou actitudes específicas que garantan as relacións comunitarias e o traballo en común.

O seu contido axustarase a aspectos concretos e específicos dos diversos comportamentos e condutas favorecedoras das relacións interpersoais, evitándose formulacións impositivas ou prescritivas.

Terase en conta as seguintes áreas de tratamento para a convivencia do Centro.

- ✚ Correcto desenvolvemento das actividades académicas.
- ✚ Respecto entre todos os membros da Comunidade Educativa.
- ✚ Bo uso das dependencias e instalacións do Centro.

3.1 Normas relativas aos pais e nais relativas o centro:

- ✚ Coñecer o Proxecto Educativo do Centro e observar as normas contidas no mesmo e o Regulamento de Réxime Interno.
- ✚ Coñecer as Normas de Convivencia do Centro e observar as normas e correccións nelas.
- ✚ Atender ás citacións do centro e acudir a este cando se lle require, tanto individual como colectivamente
- ✚ Gardar no Centro un comportamento educado.
- ✚ Notificar os cambios de residencia e de teléfonos.
- ✚ Repoñer ou aboar o importe dos danos ocasionados por o seu fillo/a no material ou nas instalacións do centro por un uso inadecuado.

En relación cos profesores.

- ✚ Colaborar co profesorado na educación dos seus fillos/ás, atendendo a as súas indicacións e axudando á corrección de actitudes de indisciplina.
- ✚ Chegar a acordos con profesores e titores dos seus fillos sobre aspectos fundamentais da súa Educación (atención ao estudio, alimentación, sono, descanso, etc.)
- ✚ Facilitar ao titor/a información, sobre aspectos relativos á educación dos seus fillos/ás.
- ✚ Non desautorizar a acción do profesorado en presenza do seu fillo/a.
- ✚ Participar voluntariamente co profesorado na programación de aquelas actividades para as que se solicite a súa axuda.

En caso de separación xudicial dos pais, xustificar a quen corresponda a garda e custodia dos fillos/ás.

En relación cos seus fillos-ás.

- ✚ Facilitar ao seu fillo/a cantos medios sexan necesarios para levar a cabo as tarefas e actividades que lle indique o profesorado
- ✚ Facilitar o cumprimento das obrigas dos seus fillos/ás respecto ao colexio: estudio, puntualidade, orde, aseo, etc...
- ✚ Xustificar as ausencias e atrasos do seu fillo/a durante o horario escolar
- ✚ Recoller persoalmente ou mediante persoa autorizada os alumnos/as de Educación Infantil que non usen transporte.
- ✚ Recoller persoalmente ou mediante persoa autorizada o alumnado que teña que ausentarse do centro durante o horario escolar.
- ✚ Estimular ao seu fillo/a no respecto ás normas de convivencia do centro como elemento que contribúe

3.2 Normas relativas ao profesorado.

- ✚ En relación consigo mesmo.
- ✚ Asistir ás súas clases con puntualidade e ás reunións para as que fose convocado.
- ✚ Vixiar o alumnado nos recreos, sendo puntual no cumprimento do horario e quendas establecidas.

- ✚ Velar puntualmente pola necesaria orde do Centro, coidando de que os alumnos/a permanezan no lugar que lles corresponde segundo o seu horario e non permitindo que permanezan nos corredores durante as horas de clase.

En relación cos alumnos.

- ✚ Non realizar distincións entre os seus alumnos/ás, nin adoptar comportamentos discriminatorios por razón de raza, sexo ou relixión.
- ✚ Preocuparse polas súas condicións que inflúen no proceso educativo do alumnado.
- ✚ Individualizar dentro do posible o ensino, acomodándose aos coñecementos e características de cada alumno/a.
- ✚ Atender á diversidade do seu alumnado, dentro das súas posibilidades, poñendo en marcha os mecanismos legais axeitados: reforzos, adaptacións curriculares e flexibilizacións.
- ✚ Velar polo cumprimento do normal desenvolvemento das actividades docentes e non docentes.

En relación ao Centro.

- ✚ Ser responsable do alumnado dende a entrada ata a saída do recinto escolar.
- ✚ Informar ao titor/a das incidencias que acontezan no seu grupo e controlar a asistencia a clase do alumnado no parte de faltas da aula.
- ✚ Cooperar no mantemento e bo uso do material e instalacións do centro.
- ✚ Colaborar co profesorado de garda e Xefatura de Estudos no mantemento da orde necesaria para o bo funcionamento do Centro.
- ✚ Cubrir os datos en XADE nos períodos establecidos.

En relación cos pais e nais.

- ✚ Manter contactos periódicos cos pais dos alumnos, dentro do horario previsto para este fin.

- ✚ Contactar cos pais ou persoa autorizada en caso de que o seu fillo se puxese enfermo ou sufrise algún accidente durante o horario lectivo.
- ✚ Recibir a visita das familias cando o soliciten, cumprindo os horarios e normas establecidas para o caso.

3.3 Normas relativas aos alumnos.

Referentes ao seu comportamento:

- ✚ Asistir puntualmente ás actividades escolares.
- ✚ Circular por corredores e escaleiras de xeito correcto.
- ✚ Manter a orde e o silencio nas entradas e saídas ás clases, tanto á entrada e saída de: xornada escolar, recreo ou outra actividade que implique mobilidade polo Centro.
- ✚ Achegar ás clases os libros e o material escolar que sexan precisos.
- ✚ Non levar ao colexio o teléfono móbil dado que o seu uso por parte do alumnado está totalmente prohibido.
- ✚ Responsabilizarse dos encargos que se lle encomenden.
- ✚ Entregar os xustificantes das faltas de asistencia formulados polas súas familias.
- ✚ Entregar ás súas familias as follas informativas, comunicacións etc... que lle faciliten dende o centro.
- ✚ Utilizar un vocabulario correcto.
- ✚ Acudir aos servizos hixiénicos nos casos de verdadeira necesidade.

Referentes aos seus compañeiros:

- ✚ Non agredir, insultar, nin humillar os seus compañeiros/as no centro.
- ✚ Respectar todas as pertenzas dos demais.
- ✚ Non perturbar a marcha das clases.

- ✚ Colaborar cos seus compañeiros/as en actividades escolares.
- ✚ Evitar os xogos violentos.
- ✚ Respetar o exercicio do dereito ao estudo e ao traballo dos seus compañeiros.

Referentes aos Profesores-as

- ✚ Manter un trato respectuoso co profesorado e persoal ao servizo do centro.
- ✚ Colaborar para esclarecer as cuestións que se formulen na vida do centro.
- ✚ Realizar as tarefas e actividades que se lles asignen.

Referentes ao Centro:

- ✚ Facer un bo uso do edificio, instalacións, mobiliario e material escolar.
- ✚ Durante as horas de clase ningún alumno poderá permanecer no pasillo e durante o tempo do recreo, os alumnos permanecerán no patio.
- ✚ Comportaranse correctamente tanto de forma individual como en situacións colectivas, cooperando ao bo desenvolvemento destas.
- ✚ Coidar de que as aulas, pasillos e servizos se manteñan limpos e ordenados.
- ✚ Participar de acordo coa súa idade, na organización do Centro.
- ✚ Non se ausentar do Centro sen coñecemento do profesorado responsable en cada momento.
- ✚ Vir ao Centro correctamente e debidamente aseados.

4. - COMISION DE CONVIVENCIA

A Comisión de Convivencia será quen dinamice, revise e actualice o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxestións de todos os sectores da Comunidade Educativa.

Composición da comisión de convivencia

- ✚ Director/a
- ✚ Xefe/a de estudos

- ✚ Mestre/A

- ✚ Orientador/a

4.2 Competencias da comisión de convivencia:

- ✚ Velar porque exista un clima de convivencia, disciplina e respecto no Centro.

- ✚ Coordinar as actuacións, estudando con urxencia os problemas que se puideran presentar.

- ✚ Adoptar medidas sancionadoras ou correctoras.

- ✚ Valorar o cumprimento do Plan de Convivencia e as medidas adoptadas.

4.3 Periodicidade das reunións.

- ✚ 1º Trimestre: Diagnóstico e proposta de contidos.

- ✚ 2ª Trimestre: Seguimento do Plan.

- ✚ 3º Trimestre: Valoración do cumprimento.

5. - MEDIDAS A APLICAR PARA PREVIR, DETECTAR, MEDIAR E RESOLVER CONFLITOS.

5.1 Actuacións preventivas.

Actividades de integración, participación e acollida

- ✚ Acollida ao alumnado de E. I. de tres anos de forma gradual.

- ✚ Acollida do profesorado novo no Centro ensinándolle todas as súas dependencias

- ✚ Plan de apertura ao Centro: madrugadores, comedor e actividades Extraescolares.

Elaboración de Normas de clase

- ✚ Traballar na aula as normas de clase durante o mes de Setembro.

Relacións Familia-Centro

- ✚ Reunión de pais por ciclos e titorías.
- ✚ Entrevistas.
- ✚ Información das Normas de Convivencia

Actividades de sensibilización Acoso-Maltrato

- ✚ Programas de habilidades sociais como prevención ao maltrato.
- ✚ Actividades de Sensibilización igualdade homes-mulleres
- ✚ Realización de actividades con equipos mixtos.

Organización da vixilancia

- ✚ Vixiar os patios no horario de recreo.
- ✚ Vixiar a entrada e saída do Centro nos patios.

5.2 Actuacións conxuntas

A liña metodolóxica na acción titorial basearase nas seguintes técnicas e estratexias:

- ✚ Entrevistas periódicas cos pais, os propios alumnos, especialistas e mestres con apoio educativo, outros mestres que atendan ao grupo, Equipos de Apoio Externo, e profesionais doutras institucións que poidan incidir no alumnado a nivel xeral ou individual, tales como Centro de Saúde, Servizos

sociais,

- ✚ Observación sistemática do alumnado.
- ✚ Estudio e valoración das fichas de seguimento.
- ✚ Aplicación de cuestionarios.
- ✚ Sociogramas e técnicas de dinámica de grupos.
- ✚ Estudio e análise de casos concretos.
- ✚ Resolución de problemas individuais ou grupais.

5.3 Detección e tratamento do maltrato.

Detección

- ✚ Desequilibrio de poder físico e psicológico.
- ✚ Intencionalidade e repetición.
- ✚ Indefensión.

Tratamento

- ✚ Intervención de urxencia.
- ✚ Reunión do equipo directivo, titor e Orientador para analizar e valorar.
- ✚ Adoptar medidas provisionais.
- ✚ Entrevista do Orientador coa familia para informar das medidas tomadas.
- ✚ Proceso de actuación.
- ✚ Completar o informe.

6. -NECESIDADES DE FORMACION

Incluiranse accións formativas dirixidas ao profesorado para mellorar nos ámbitos seguintes:

- ✚ Educación para a cultura da paz.
- ✚ Mellora das prácticas educativas en relación coa convivencia escolar.
- ✚ Igualdade entre homes e mulleres.

O Centro fomentará a participación de profesores, profesoras, pais, nais, equipo de orientación e equipo directivo nas accións formativas que desenvolva a Consellaría de Educación.

7.- ESTRATEXIAS E PROCEDEMENTOS PARA A DIFUSION, SEGUIMENTO E AVALIACION

Ao Plan de convivencia daráselle difusión no Centro, usando para iso as titorías co alumnado, as reunións cos pais, reunións de Claustro e Consello Escolar; así mesmo se solicitará colaboración do ANPA para a difusión do Plan de convivencia dentro do ámbito de actuación. De igual forma difundirase o devandito Plan a través do Xornal escolar e Páxina Web do Colexio.

O seguimento e ampliación do Plan de Convivencia realizarase por:

- ✚ Profesorado
- ✚ Nas revisións trimestrais do Plan de Centro, dentro dos equipos docentes, informando o Claustro.
- ✚ Alumnado
- ✚ Revisión na titoría

O Consello Escolar será informado e propondrá as medidas oportunas ou melloras ao Plan de Convivencia

8.- PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE INCIDENCIAS

O Centro fará constar as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que se produciran e as medidas disciplinarias impostas no sistema de xestión de centros educativos. O xefe de estudos será o responsable de realizar os informes para dalos a coñecer ao Consello Escolar.

Os documentos para o procedemento de recollida das incidencias son os seguintes:

Rexistro de incidencias.

- ✚ Carta do titor para a citación dos pais/nais.
- ✚ Carta do xefe de estudos de citación a pais/nais.
- ✚ Comunicación por escrito a pais/nais da corrección imposta ao fillo/a por falta leve ou grave cometida.
- ✚ Recollida en XADE das incidencias a ou longo do trimestre.

PLAN DE IGUALDADE

INTRODUCCIÓN

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. O presente plan, no marco do plan de convivencia e en consoancia cos documentos e protocolos do centro, pretende concretar as cuestións relacionadas coa igualdade e coa identidade de xénero e establecer actividades e medidas concretas para desenvolver os obxectivos marcados neste plan. A elaboración deste documento conleva que no Consello Escolar se designe un membro que exercerá como responsable en materia de igualdade, que a ser posible terá, ou realizará, formación específica na materia. No caso de detectarse algún caso relacionado coa violencia de xénero ou con materia de igualdade, activaranse os protocolos precisos (convivencia, acoso...) e o presente plan de igualdade, onde se concretan medidas relacionadas con esta temática.

Publicación na páxina web do centro

Copia impresa á ANPA

Disponibilidade no centro para a súa consulta

Envío de copia por mail ao responsable do Concello en materia de igualdade para fomentar a colaboración.

No apartado 5 defínense as medidas a poñer en marcha en caso de aparición de casos relacionados con materia de igualdade: tanto medidas de acompañamento a alumnado en situación de cambio como a alumnado vulnerable, como medidas de intervención ante casos relacionados coa igualdade.

Os contidos fundamentais a desenvolver neste plan son:

Coeducación

Igualdade de xénero

Tolerancia e respecto

Diversidade afectivo - sexual, con especial atención ao alumnado con diversidade funcional.

Eliminación de estereotipos

Dentro dos contidos a traballar, poñeremos especial atención á celebración didáctica, formativa e pedagóxica de datas sinaladas:

- día 25 de novembro contra a violencia de xénero
- día da muller traballadora (8 de marzo)
- día do orgullo LGTBI (entendido no noso centro como un día para celebrar o respecto pola diversidade afectivo - sexual existente na nosa comunidade).

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Antes de comezar a desenvolver o plan, recalcamos a importancia da formación da comunidade educativa, especialmente do profesorado, en materia de igualdade.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Para a elaboración deste Plan tivéronse en conta catro principios inspiradores que sustentan todos e cada un dos eixes de actuación segundo marca o I plan de actuacións para igualdade nos centros educativos de Galicia 2016/2020:

Transversalidade: a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.

Sociedade igualitaria: a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.

Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”: é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.

Inclusión e integración da diversidade.

A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual. No marco establecido pola LOE/LOMCE recóllese que a educación é o medio para transmitir e renovar a cultura así como os valores que a sustentan perseguindo a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva entre homes e mulleres de forma que sirvan para superar os comportamentos ou ideais sexistas.

Para impulsar o modelo de escola coeducativa e tendo en conta o marco legal que respalda o presente plan, citamos:

LOE/2006 – LOMCE/2013 de Mellora da calidade educativa.

LEI 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa e o D. 8/2015 que desenvolve devandita lei. o Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

D. 105/2014 establece como un obxectivo da E.P. desenvolver unha actitude contraria aos “prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual”.

Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece que establece en liñas xerais:

Art. 17: o currículo de cada un dos niveis, etapas ou ciclos adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

- comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos
- enriquecemento do contido coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente.
- fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes.

Art. 22: a Consellería incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado naquelas materias en que sexa procedente.

Art. 23: a Consellería fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade educativa para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

Art 25: A Consellería en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.

Protocolo de Identidade de Xénero o Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar

En canto aos documentos de centro no que se enmarca este plan atópanse:

- Proxecto educativo , NOF e PXAD
- Plan de Convivencia e Plan de Orientación
- PAT Asemade, este plan de igualdade concretarase anualmente na PXA, adaptándose a realidade do contexto educativo.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA (ANEXO I)

O primeiro paso para poder plantexar uns obxectivos e unhas medidas de actuación, é analizar a situación do contexto no que se van implementar. Así, empregaremos estes instrumentos de análise:

- Sociogramas nas aulas: valórase o grao de inclusión do alumnado e o grao de vulnerabilidade
- Cuestionarios sobre estereotipos de xénero
- Preguntas sobre as preferencias laborais e razóns.
- Análise de imaxes/curtas relacionadas coa violencia de xénero nas titorías (o mestre recollerá datos sobre os comentarios do alumnado)
- Observación e recollida de datos por parte dos mestres no tempo de lecer do alumnado (comentarios, xogos, actitudes nos xogos...)
- Análise da linguaxe empregada polo profesorado e nos documentos do centro. No marco do claustro, analizaremos os datos obtidos e extraeremos conclusións que nos servirán como punto de partida, de cara ao seguinte curso, para concretar obxectivos e medidas de actuación.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

Eixe 1: Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

- Coñecer diferencias entre homes e mulleres
- Reflexionar sobre as desigualdades existentes

Eixe 2: Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Visibilizar a realidade sobre a violencia de xénero
- Promover habilidades sociais nas que a empatía, a comunicación efectiva e o traballo en equipo sexan eixes de socialización adecuada e positiva.
- Favorecer canais de comunicación entre o alumnado, entre alumnado e profesorado e co departamento de orientación.

Eixe 3: Promoción do respecto pola diversidade afectivo - sexual

- Coñecer, adaptado a cada idade, a realidade afectivo – sexual
- Recoñecer a diversidade afectivo-sexual como un dereito de elección libre e respectable.

Eixe 4: Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia Na actualidade, no noso centro non temos coñecemento de ningún caso. Se se dera a situación, comezaríamos a traballar de cara aos seguintes obxectivos:

- Favorecer o respecto pola diversidade
- Establecer redes de axuda entre o alumnado.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

Organización do centro:

- Designación dunha persoa responsable en materia de igualdade dentro do Consello escolar.
- Difusión de actividades formativas entre o profesorado nesta materia por parte da orientador.
- Solicitud do Plan director en relación a esta materia, tanto para familias como para profesorado e alumnado
- Celebración das datas marcadas por calendario escolar favorecedoras de conseguir os obxectivos marcados en este Plan:
 - o 25 de novembro. A idea do mesmo é que nenas e nenos de idades comprendidas entre 3 e 12 digan non a este tipo de violencia e sexan capaces de diferenciar que é o que se pode e non se pode permitir nunha relación afectiva. Intentamos achegar a súa realidade ao centro de modo que cada unha/un poda analizar diferentes aspectos e axudemos a un pensamento crítico. □ Durante esta semana establecerase o visionado e análises de vídeos como "de verdad es inevitable"? ou curtas para comentar posibles tipos de violencia facendo fincapé na violencia de xénero nesta ocasión
 - o 24 de febreiro: coincidindo co Día de Rosalía introduciremos cada ano, desde a biblioteca, "Coñecemos as túas verbas". Da man de Rosalía coñeceremos diferentes mulleres das nosas letras que aportaron coa súa literatura riqueza cultural a nosa Comunidade e ao noso País ou países veciños
 - o 8 de marzo: Invitación ao centro a diferentes mulleres da nosa contorna que realizan traballos considerados polo noso alumnado como do xénero masculino. □ Visibilización da muller na nosa historia: cada trimestre daremos visibilidade a mulleres pasadas e presentes que deron cabida a moitos avances, en todos os eidos, que marcaron e marcarán a historia.
 - o 15 de maio: coincidindo co Día da familia celebraremos este como o conxunto de persoas que forman o noso fogar. Darémoslle importancia a todos os membros por igual e estudaremos os diferentes tipos que existen, máis concretamente na nosa comunidade. * Se nalgún momento houberse no noso centro algún caso de alumnado transexual, permitiríamoslle ao alumno/a en cuestión utilizar os aseos do xénero co que él ou ela se sinta identificado.

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Analizar os materiais curriculares desde esta perspectiva, cambiando aqueles que se consideren inadecuados.
- Introducir materiais coeducativos de elaboración propia ou que nos poda aportar algunha asociación ou a propia Consellería e Concello en relación aos ámbitos aquí recollidos.
- Cartelería coeducativa (rompedora cos estereotipos de xénero) polos corredores do centro
- Analizar a linguaxe do profesorado, ampliando nos vindeiros cursos ao resto da comunidade educativa
- Analizar a linguaxe empregada nos diferentes documentos do centro. c. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
- Estudo e contraposición daqueles traballos considerados desde tempos pasados ata os nosos días como de homes e mulleres e como mudou este concepto ata chegar aos nosos días.

Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- A través da área de Educación física traballaremos estes valores asociados ao deporte
- Nas áreas instrumentais estarán presentes aqueles referidos ás habilidades sociais principalmente

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Mensualmente nas reunións da CCP analizaranse as actividades realizadas así como as posibles suxerencias que poidan xurdir a raíz de situacións que aparezan no centro ou presentación de actividades por parte de asociacións sin ánimo de lucro, concello ou outras.